


E4: Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	430.395.982	4,8 %	100,0 %
OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	136.418.180	1,5 %	31,7 %
OE02 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	258.734.138	2,9 %	60,1 %
OE03 Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	35.243.664	0,4 %	8,2 %



As Fontes de financiamento do orzamento deste Eixe estratéxico son:

E4: Sustentabilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial	430.395.982	
Orzamentos Xerais da C.A.	274.391.229	63,75%
FCI	32.645.934	7,59%
FEDER	58.148.637	13,51%
Orzamentos Xerais do Estado	37.846.160	8,79%
FEADER	25.728.624	5,98%
FEP	328.180	0,08%
INTERREG	910.462	0,21%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	209.525	0,05%
OUTRAS INICIATIVAS	187.231	0,04%

III.4.1. OE 1: Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade da vida

A ordenación do territorio inspírase nun desenvolvemento sustentable a través dunha estratexia territorial integrada no conxunto da UE, que se organiza desde o recoñecemento dun modelo policéntrico, no que as grandes cidades articulan o conxunto e permiten un equilibrio e onde as vilas e os pequenos núcleos de poboación garanten a

accesibilidade e comunicación a través dunha rede de infraestruturas que respecte o medio ambiente como condición de preservación e a paisaxe e os atractivos naturais como elementos diferenciais positivos na xeración de riqueza.

Impulsarase a creación das áreas metropolitanas como estratexia de integración territorial e funcional das grandes cidades e dos concellos da súa contorna.

No planeamento municipal daráselle un impulso decidido ao proceso de formulación dos PXOM, incrementando os niveis de esixencias de protección dos valores ambientais e paisaxísticos e potenciando un ordenado urbanismo.

Este obxectivo estratéxico representa o 31,7% do Eixe 4, e o 1,5% sobre o total do PEG, cun importe de 136,4 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M01: "Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe" (co 31,8% do obxectivo, e o 0,5% do PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
541A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	3.046.062
541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	25.563.738
541C PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO	18.469.499
541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	23.652.941
541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	4.447.292
542A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	61.238.648

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
07-CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFR.
01-SECRETARÍA XERAL TECNICA
03-S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
05-D.X. DE SOSTIBILIDADE E PAISAXE
13-CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
06-D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
14-CONSELLERÍA DO MAR
01-SECRETARIA XERAL TECNICA
03-D.X. DE ORDEN. E XESTIÓN DOS REC.MARIÑOS
410-INST.TECNOLÓXICO CONTROL DO MEDIO MARIÑO

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E4: Sustentabilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	Importe	%
<i>OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida</i>	136.418.180	
M01 Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe	43.363.545	31,8 %
M02 Optimización da Xestión de Residuos	4.586.691	3,4 %
M99 Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	88.467.944	64,9 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	64.225.415	47,08%
FCI	25.167.267	18,45%
FEDER	44.629.007	32,71%
Orzamentos xerais do Estado	394.582	0,29%
FEADER	1.060.324	0,78%
FEP	328.180	0,24%
INTERREG	337.307	0,25%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	209.525	0,15%
OUTRAS INICIATIVAS	66.573	0,05%

A regulación da Ordenación do territorio e a Política medioambiental na Comunidade Autónoma lévanse a cabo a través de diversas accións:

Accións de educación para a sustentabilidade: mediante un programa de educación e o Plan de Sostibilidade de Galicia. Teñen por obxecto a preparación dunha estratexia de desenvolvemento sustentable de Galicia. Levaranse a cabo a través dos seguintes proxectos: programas de educación para a sustentabilidade en centros educativos: proxectos Axenda 21 escolar de Galicia e o proxecto Climatantic. Proxecto de fomento e promoción da sustentabilidade para o desenvolvemento de actividades deseñadas para trasladar á poboación a importancia da ordenación territorial, a través do desenvolvemento de programas vinculados coa ordenación e xestión do territorio no ámbito da sustentabilidade.

Accións de loita contra a contaminación, realizaranse mediante medidas para mellorar e adecuar a coordinación e a planificación da loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo e mediante a dotación de medios e medidas para a inspección pesqueira e o control hixiénico-sanitario dos produtos mariños. Dentro desta liña de accións destacamos:

Accións de loita contra a contaminación mariña a través do Plan territorial de con-

tinxencia, dentro deste Plan realizarase o proxecto de loita contra a contaminación, o proxecto de medidas de protección da flora e fauna acuáticas, o proxecto de operatividade do servizo de gardacostas de Galicia, e o proxecto de contratación de empresas de vixilancia, que dará lugar a unha previsión de 9 proxectos de loita contra a contaminación mariña; así como mediante o desenvolvemento dos seguintes programas de control da calidade do medio mariño: control oceanografía e fitoplancto (cunha estimación de que se realizarán 5.756 análises e 1.919 mostras), control das biotoxinas mariñas (estímase a realización de 13.500 análises, unhas 90 resolucións de peche de zonas de produción, 90 resolucións de apertura e unhas 4.500 mostras realizadas) e control das condicións oceanográficas e a bioxeoquímica mariña. Tamén se desenvolverán os programas de control zosanitario, control patolóxico de moluscos e peixes (prevese a realización de 100 análises, 86 puntos de control e a realización de 86 mostras), control de contaminacións microbiolóxicas (coa estimación da realización 1.611 análises e 1.458 mostras) e control da contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos): (con 2.160 análises realizadas, 76 puntos de control e 180 mostras realizadas).

Estas actuacións están dirixidas á protección e seguridade das persoas e dos recursos do medio natural marítimo como espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola, posto que a conservación do medio e a preservación fronte a malas prácticas é o fundamento para a rendibilidade e a continuidade deste sector estratéxico. Tamén mediante os investimentos nestes proxectos preténdese crear a sensibilización ambiental entre a poboación, o control e vixilancia das zonas protexidas que facilite a rexeneración, conservación e protección da flora e da fauna do medio marítimo e da súa diversidade e a explotación controlada e planificada que permita a sustentabilidade económica da poboación. Existe tamén a necesidade de xestionar de forma coherente a pesca e demais actividades con incidencia no litoral, e de adoptar medidas específicas de protección das especies e hábitats asociados, en especial o control da actividade e a loita contra a contaminación.

Accións para a observación e predición ambiental, atendendo especialmente aos sistemas ecolóxicos galegos (mediante proxectos de mantemento de maquinaria e instalacións ambientais, reforma do laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, proxecto de previsión de riscos, rede de observación ambiental de Galicia e os proxectos de equipamentos ambientais); accións para reducir o impacto ambiental das actividades industriais (mediante actuacións no eido medio ambiental, o proxecto de solos contaminados, un proxecto de investimentos ambientais en empresas de Galicia que dará lugar a 701 empresas beneficiadas e os proxectos de servizos no eido empresarial) e accións destinadas ao aumento dos controis sobre a calidade do aire.

En canto ao control ambiental o obxectivo é previr, reducir e controlar calquera tipo de contaminación, preténdese mellorar a avaliación ambiental mediante:

- establecemento dos procedementos que garantan que as declaracións de impacto

e efectos ambientais, sexan resoltas no menor tempo posible.

A posta en marcha de actuacións de minimización de impactos.

Fomentar a introdución nas empresas de novas tecnoloxías, dirixidas á prevención e redución da contaminación ambiental, en particular á redución dos residuos e emisións de gases efectos invernadoiro, así como á implantación de sistemas de xestión e control ambiental.

Mellora e mantemento das redes de estacións de medida dos distintos factores que integran o control da calidade ambiental.

Impulsar as actuacións desenvolvidas polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, mellorando a súa dotación de medios e equipos instrumentais de medida e potenciando as súas acreditacións, coa finalidade de asegurar a máxima calidade nas analíticas realizadas.

En canto á conservación do patrimonio cultural e a biodiversidade:

Os principais obxectivos establecidos para o ano 2012 están orientados a seguir a traballar na liña de garantir a protección, conservación e posta en valor dos espazos naturais de maior valor ecolóxico, asegurar o mantemento e a coherencia da Rede Natura 2000, e promover o uso sustentable das áreas protexidas.

Acadar este obxectivo implica manter unha ampla rede de espazos naturais protexidos, o establecemento de ferramentas de planeamento activas específicas de conservación de ENP e a protección de especies nos seus hábitats. Así mesmo é preciso involucrar á sociedade na protección dos mesmos. Neste sentido, é necesario desenvolver accións que permitan harmonizar a conservación coa posta en valor do medio natural e dos seus compoñentes.

Realizaranse accións para a optimización socioeconómica e para o desenvolvemento sustentable da poboación da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos a través da mellora dos hábitats e da paisaxe rural a través de diversos proxectos sendo algúns deles: promoción de actividades na Natureza, estudos sobre o patrimonio natural e cultural, estudos e planificación da biodiversidade e da Rede Natura 2000, conservación e protección da biodiversidade, divulgación da Natureza, recuperación da riqueza cinexética, mellora de infraestruturas e ecosistemas fluviais na rede Natura 2000, edificio e outras construcións para a ordenación do uso público do medio natural, convenios con fundacións públicas, análise, planificación e servizos ambientais, actividades de promoción e uso público da natureza, protección e valorización do patrimonio natural, infraestruturas de uso público en espazos protexidos, infraestruturas, saneamento, protección e mellora do medio ambiente natural, cos que se prevé a creación de 20 centros de recurso, aulas de natureza, o desenvolvemento de 157 actuacións destinadas á recuperación e rexeneración do entorno, 35 campañas de educación ambiental desenvolvidas e 1.200 Km de sendeiros novos e/

ou mellorados.

Tamén se realizarán accións dirixidas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais situados na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (Reserva natural, Parque natural, Parque nacional, Monumento natural, Humedal protexido, Paisaxe protexida e ZEPVN), a través de axudas a parques naturais, ao Parque Nacional das Illas Atlánticas, axudas á ordenación da actividade cinexética e piscícola, axudas ás sociedades protectoras de animais, axudas a concellos para a protección de animais domésticos, indemnizacións por danos de especies cinexéticas, coa previsión de que se concederán 860 axudas a concellos na Rede Natura 2000, e axudas a concellos na Rede Natura 2000 cunha estimación de que se desenvolverán 60 actuacións en zonas de Rede Natura 2000 e 20 actuacións fóra de zonas de Rede Natura 2000.

Así mesmo, nesta medida tamén realizaranse actuacións dirixidas ao saneamento das rías galegas, control de calidade das augas da demarcación hidrográfica de Galicia-costa, programas de saneamento locais nas rías e control das augas, accións de xestión do dominio público hidráulico e accións de saneamento no rural de Galicia.

En canto á **Optimización da xestión de residuos** o que se pretende para o ano 2012 é dar continuidade á progresiva consecución do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, respostando ás demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados, co fin de acadar un modelo de xestión sostible, que reduza o seu impacto ambiental. As actuacións deste plan esténdense a diferente ámbitos:

Previr e reducir a produción de residuos en Galicia, partindo dunha política de prevención e comunicación a todos os niveis (produtores, consumidores, entidades locais, etc), propiciando un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo, promovendo un uso máis eficaz dos recursos.

Fomentar a recollida selectiva en orixe de todas as fraccións, promovendo o mercado da reciclaxe, cun apoio específico á xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos urbanos.

Ampliación dos equipamentos, sistemas e infraestruturas ambientais de tratamento de residuos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Fomento da formación e concienciación, co fin de implicar á cidadanía e ás distintas organizacións nas actuacións de xestión de residuos.

Potenciar os medios que garantan a calidade e transparencia da información nesta materia, a través da creación dun sistema compartido e homoxéneo de información estatística, que estea a disposición da poboación e que sexa facilmente comprensible.

Para acadar isto realizaranse as seguintes accións:

Accións para a consecución de “vertido cero” en vertedoiros non autorizados en 2011 (a través do proxecto solos contaminados).

Accións para aumentar as porcentaxes de valorización material total de FORM, papel e cartón, vidro, envases e outros residuos: a través do proxecto de mellora da xestión dos residuos domésticos e industriais, coa estimación de que se crearán 13 novas plantas de transferencia e/ou tratamento, cunha superficie recuperada e/ou rehabilitada de 0,26 Ha e a través do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.

Desenvolvemento de proxectos sectoriais de reciclaxe de materiais ou de recuperación medioambiental.

III.4.2. OE 2: Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única

O desenvolvemento adecuado do territorio permitirá considerar Galicia como unha cidade única, o que impulsará novas oportunidades de benestar e sustentabilidade na sociedade galega.

Impulsarase unha Galicia descentralizada, entendendo os valores propios e diferenciados de cada un dos espazos, e potenciando as súas vantaxes e riqueza a través de numerosas actuacións sectoriais, viarias, industriais, parcelarias, enerxéticas, comunicacións, de apoio á Administración local, etc., dotando a cada territorio de auténticas posibilidades de aproveitamento dos seus potenciais internos.

Este obxectivo estratéxico representa o 60,1% do Eixe 4, e o 2,9% sobre o total do PEG, cun importe de 258,7 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M05 “Reforzo e colaboración coas administracións locais, para facilitarles a mellora da atención aos cidadáns e iniciar novas formas de cooperación e gobernanza” (co 48,8% do obxectivo, e o 1,4% do PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto: